

SURO

Mikel Gurrea, 2022

1036

ESTREA EN NUMAX: 02.12.2022 | V.O.S.E. | +12

Helena e Iván propóñense construír unha nova vida nun sobreiral, pero os seus diferentes puntos de vista sobre como vivir na terra emerxen, desafiando o seu futuro como parella.

«Demoledora e brutal opera prima.
Un dos filmes do ano que hai que
ver si ou si»

Carlos Loureda, FOTOGRAMAS



Entrevista con Mikel Gurrea: «Suro é un filme moi físico, ten un pé moi ancorado na terra»

Por Eva Peydró

A xénese dunha opera prima non adoita ser doada. Como foi no caso de *Suro*? Eu son do País Vasco, pero con 18 anos fun a Barcelona a estudar Comunicación na Pompeu Fabra, e cando acabei a carreira no 2010, estaba a esperar unha bolsa para irme ao estranxeiro. Nese verán de *impasse*, un pouco sen saber moi ben que facer, aceptei a proposta dos familiares da miña parella de entón para traballar como temporeiro na recollida da cortiza no norte de Cataluña, de onde era ela. Apetecíame facer algo distinto ao que eu fago que é máis mental. E aquilo era físico. Permitíame gañar un diñeiro e alí fun. Estiven un verán traballando na carga e descarga das pranchas de cortiza de cinco e media da mañá a dúas do mediodía.

Desa forma ves todo o bosque medrar luminicamente e a nivel de temperatura, como progresa ao longo do verán, esas árbores que dependendo de como as mires poden parecer corpos sen pel, esculturas. Aí descubrín un mundo moi rico en sons e en texturas, que eu non vira nunca filmado e que intuía que podía ser moi cinematográfico. E tamén tiveron unhas sensacións un pouco contraditorias. Traballadaba coa xente de alí pero eu era de fóra. Eu falaba catalán, pero non o son. Estaba a facer de temporeiro pero ía marchar ao remate do verán. Esas sensacións e ese universo ficaron comigo. E pensei: algún día, quizais, escribas algo.

Cando empecei a desexar facer a miña primeira longametraxe, xurdiu a residencia de Ikusmira Berriak, do festival de San Sebastián e Tabakalera. Presentei catro páxinas que eran un pouco isto que che expliquei, pero eu xa era alguén diferente. Tiña 32 anos, estaba nunha longa relación de parella e estabámonos a preguntar se queríamos vivir na cidade ou no campo. Se queríamos ter fillos ou non, se podíamos vivir coa idea que tiñamos de nós mesmos... e de aí sae un pouco o magma da historia de Helena e Iván. Estabamos preparados para rodala no verán de 2020, pero chegou pandemia e tivemos que saltar un ano porque a peli é estacional, só se pode rodar no verán, durante a muda da cortiza.

En *Suro*, o rural non se enfoca como o paraíso recuperado onde refundarse e reconectar co pasado. Os teus personaxes van alí a medirse con eles mesmos, o contexto ten a función dun frontón onde lanzar as súas propias inseguridades e contradicións. Si, total. A película é toda unha proxección a futuro, é unha parella que proxecta unha casa, unha vida, unha refundación da súa relación. Constantemente están a mirar a futuro, non mirando onde están, quen son e a quen teñen diante. É verdade que o medio rural permítalles xogar menos no campo das ideas e das proxeccións, porque tiñan que materializar. Eles teñen que facer, facer... e nese facendo, hai un *décalage* entre o que din ou pensan e o que fan. Aí está a tensión da película. E esa tensión téñena como parella, na primeira secuencia vémoslos bailar moi conectados, teñen unha enerxía entre eles que é moi poderosa. Neste salto moi valente, doutra banda, de tentar refundar toda unha vida, esa tensión, esa enerxía vaise bifurcando, vaise enfrontando.

Falas do arranque da película, do baile de Helena e Ivan na festa de despedida, que exemplifica brillantemente a economía narrativa de *Suro*. Esa era un pouco a aposta para unha película que é moi física, que ten un pé moi ancorado nesa terra. Pero, dalgunha forma, dar isto aos espectadores desde a primeira secuencia mostra que é un filme consciente de que si mesmo e iso, logo, permítenos transitar outros territorios porque ese pacto co espectador está claro desde o principio. E en canto aos roles dos protagonistas, ambos mostran as súas contradicións e mostran tamén a súa verdadeira cara, que quizais eles mesmos non coñecían. El aparece como un desclasado, que non é nin propietario nin xornaleiro, e que ve cuestionado o seu lugar na parella e na toma de decisións, porque ela é a herdeira, é máis asertiva.